



## Concello de Lourenzá

### ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/5	El Pleno
<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

21 de marzo de 2024

**Duración:**

Desde las 11:05 hasta las 11:59

**Lugar:**

Salón de Sesións

**Presidida por:**

ROCIO LOPEZ GARCIA

**Secretario:**

ANA BARREIRO GOMEZ

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33861773T	BELEN FANEGO BARREIRA	SÍ
76939624R	FRANCISCO JAVIER SUAREZ VAZQUEZ	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33306541B	REMEDIOS GALLO FERNÁNDEZ	SÍ
34636672Y	ROBERTO DÍAZ EXPÓSITO	SÍ
76580879X	ROCIO LOPEZ GARCIA	SÍ





## Concello de Lourenzá

77594453C	SANDRA GÓMEZ MARADONA	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

<b>A) PARTE RESOLUTIVA</b>	
<b>APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE 10/11/023, 16/11/23 e 23/01/204</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

### Resolución:

A Señora Alcaldesa pregunta se teñen algunha observación que facer as Actas. D<sup>a</sup> Belén Fanego, portavoz do BNG, manifesta que non está de acordo co que se pon de, pequeno debate, o normal sería un breve resumo das intervencións.

D<sup>a</sup> Belén Fanego, portavoz do BNG, pasa a ler o seguinte: “Visto o borrador da Acta da sesión anterior extraordinaria celebrada o día 10 Outubro-Maio 2023 (12/03/2023), distribuída a convocatoria e non habendo nada, dito borrador foi aprobado por unanimidade.” E segue manifestando que, tampouco me dí nada eso tal e como está así redactado, porque tampouco aprobáramos a Acta da sesión anterior, co cual esto tampouco é verdade. O resto pode estar pasable pero é que non sei, eu creo que son encabezamentos copiados e pegados que eu si leo esta Acta e non teño a anterior porque non a vin, non sei de cando é a acta da sesión anterior realmente.

D<sup>a</sup> Belén manifesta que, si se fosen aprobando ó día, que aínda se segue cunha acta sen aprobar, entón non.

A Secretaria responde que, eles que se adaptan, que lles digan cómo queren as Actas.

D<sup>a</sup> Belén manifesta que, eu non sei redactar unha acta, pero eu creo que se deben aclarar máis os puntos, aínda que os Concelleiros xa teñamos a documentación. Tampouco entendo como Concelleiros que non asistiron a ese Pleno poden aprobar esa acta. ¿E si volvemos ó tema das Resolucións que é o que nos compete?

Intervén Don Manuel Arango, concelleiro do PSOE, dicindo que, ás veces que se recolle literal porque por exemplo unha moción, él deixa copia do que se





## Concello de Lourenzá

responde, de ahí que en alguños apartados vaia literal. E dí que as Actas si é porque se recolla o resumo deso non hai problema, e que teña visible vale pero unha acta dónde vai un reglamento ou vai un plan eso vai ser muy extensa e despois un plan antifraude é difícil transcribir porque se saca dalgunha páxina e copiase e pégase.

Engade a Sra. Fanego, qué Resolucións nos pasásteis.

O Sr. Arango dí que, tampouco son excesivamente importantes e non podemos estar anulando actas sin aprobar para estar tódolos días así, senón tomar medidas para que as próximas se redacten como é debido.

A Sra. Fanego engade que, na última acta mareeime dándolle voltas ó listado porque é imposible leelo e eu xa non teño capacidade na do 23 de xaneiro e que me mareo a darlle voltas ás páxinas para poder leela para ir xa sólo ó básico que xa, evidentemente, as 98 páxinas obvio a palla esa, pero esto coas actas unha páxina neste sentido, outra noutro, literalmente non digo o que penso porque xa se sobreentende. Voume abster por ese motivo, non digo que non se recolla, mais menos o que se dixo no Pleno que eu entendo que non ten que ser literal.

Engade o Sr. Manuel manifesta que, é difícil de ler no móvil?

E D<sup>a</sup> Belén respóndelle que, é difícil de leer incluso no ordenador, para min que xa teño problemas de visión pero é que, ta ben, son actas.

A Sra. Alcaldesa somete a votación a aprobación das Actas co seguinte resultado:

-Respecto da Acta do 10/11/2023 votan en contra da súa aprobación os 3 Concelleiros e a Concelleira 1do BNG , e a favor da súa aprobación os 7 Concelleros do PSOE, polo que, resulta aprobada por maioría absoluta.

-Respecto das Actas de datas de 16/11/2023 e 3/01/2024 os 3 Concelleiros do PP e a Concelleira 1do BNG absteñense e os 7 Concelleiros do PSOE votan a favor, polo que, son aprobadas por maioría absoluta.

**Expediente 423/2022. APROBACIÓN SE PROCEDE DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DE ERROS NA MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) MENIÑOS**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Resolución:**

Vista a proposta da Alcaldía sobre rectificación de erros na modificación da

**Concello de Lourenzá**

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

Ordenanza Fiscal reguladora da taxa do Punto de Atención á Infancia (P.A.I.) MENIÑOS que literalmente se transcribe:

“TAXA DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) MENIÑOS.

Detectados erros no acordo de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) MENIÑOS, dos artigos nº 1 ao 8 e Disposición final, adoptado polo Pleno deste Concello de data 15 de setembro de 2022 e publicada a aprobación definitiva da modificación da mesma no BOP de Lugo do 15 de novembro 2022.

Visto que consta no expediente Proposta desta Alcaldía de data 9 de setembro de 2022 de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) MENIÑOS, dos artigos nº 1 ao 8 e Disposición final, no que se recollen os importes correctos dos prezos a aplicar, polo que o erro cometeuse na redacción do acordo do Pleno de aprobación da modificación da ordenanza fiscal.

Visto o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas segundo o cal as Administracións Públicas poderán, asemade, rectificar en calquer momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito o aritméticos existentes nos seus actos.

Visto que corresponde o Pleno a aprobación das Ordenanzas o amparo do disposto no artigo 22.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local. En consecuencia co anterior, ó Pleno do Concello propoño que se adopte o acordo nos seguintes termos:

Primeiro. Aprobar a corrección de erros no acordo de, Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) MENIÑOS, dos artigos nº 1 ao 8 e Disposición final, adoptado polo Pleno deste Concello con data 15 de setembro de 2022 e publicada a aprobación definitiva da mesma no BOP de Lugo con data de 15 de novembro 2022, nos seguintes termos:

Onde di:

**ARTIGO 6.- PREZOS.**

1. -Prezo da atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada completa no PAI “Meniños” do Concello de Lourenzá fíxase en 169,26 € mensuais. Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no artigo 7. Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa





## Concello de Lourenzá

---

reducirse no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

2.- Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:

- a) Rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €.
- b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €
- c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM. Prezo da praza: 34,91 €.
- d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Prezo da praza: 133,29 €.
- e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM. Prezo da praza: 112,13€.
- f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM. Prezo da praza: 133,29€.
- g) Rendas comprendidas entre o 150 e inferiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 147,05€.
- h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM. pREZO DA PRAZA: 169,26 €

O presentes prezos se rexerán, en todo o non previsto na presente texto regulador, e supletoriamente a efectos interpretativos pola regulación aplicable ao réxime de prezos nas escolas infantís dependentes da administración autonómica.

Debe dicir:

ARTIGO 6.- PREZOS.

1. -Prezo da atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada completa no PAI “Meniños” do Concello de Lourenzá fíxase en 169,26 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no artigo 7. Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

2.- Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:

- a) Rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €.
- b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM. Prezo





## Concello de Lourenzá

da praza: 0 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM. Prezo da praza: 34,91 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Prezo da praza: 69,81 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM. Prezo da praza: 112,13 €.

f) Rendas comprendidas entre 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM. Prezo da praza: 133,29 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 147,05 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 169,26 €.

O presentes prezos se rexerán, en todo o non previsto na presente texto regulador, e supletoriamente a efectos interpretativos pola regulación aplicable ao réxime de prezos nas escolas infantís dependentes da administración autonómica.

Segundo. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo a responsable do P.A.I de Lourenzá e a Intervención.

É a miña proposta, non obstante o Pleno acordará o que estime pertinente, en Lourenzá a 6 de marzo do dous mil vinte e catro.”

A Alcaldesa dí que, a Ordenanza da guardería (Punto de Atención á Infancia) que no artigo 6, pto 2º, apartado D, que decía que as rendas comprendidas entre os 75 e inferiores ó 100% do IPREM, se vos fixais, o prezo da praza eran 133,29 que era o que tiñan que pagar, estaba un erro, non eran 133, senón que eran 69,81, senón resultaría máis ahí que o tramo seguinte, simplemente é unha corrección.

Sometida a votación a Proposta da Alcaldía e aprobado por unanimidade de todos os Grupos políticos nos seus propios termos.

<b>APROBACIÓN SE PROCEDE DA RECTIFICACIÓN DE ERROS NAS ASIGNACIÓNS AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

**Resolución:**

Vista a proposta da Alcaldía sobre rectificación de erros nas asignacións aos membros da corporación que literalmente se transcribe:





## Concello de Lourenzá

---

“Detectados erros nos acordos do Pleno de data 14/07/2023 de recoñecemento de dedicacións exclusiva e parcial.

Visto o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas segundo o cal as Administracións Públicas poderán, asemade, rectificar en calquer momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito o aritméticos existentes nos seus actos.

Visto que corresponde o Pleno a aprobación das citadas dedicacións á vista do disposto nos artigos, 13.3 e 4 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 225 da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e 18 da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local polo que se introduce o artigo 75.bis, da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.

En consecuencia co anterior, ó Pleno do Concello propoño que se adopte o acordo nos seguintes termos:

**Primeiro.** Aprobar a seguinte corrección de erros:

Onde di:

“Primeiro.- Que o exercicio do cargo da Alcaldía se preste en réxime de dedicación exclusiva, cunha retribución que ascenderá a Tres mil douscentos vinte e oito euros con dous céntimos (3.228,02-) brutos mensuais, distribuídos en doce pagas ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro, cos incrementos anuais que para os funcionarios se establezan nas Leis de Presupostos respectivas. Dita retribución será con efectos do día 18/06/2023.

Segundo.- . Que o exercicio de Primeira Tenencia de Alcaldía, que será desempeñado por D. Javier Huertas Otero, se preste en réxime de dedicación parcial, ó 50% da xornada, en réxime de vinte horas semanais, cunha retribución que ascendera a Mil seiscentos catorce euros cun céntimo (1.614,01-) brutos mensuais\*\*,\*\* distribuídos en doce pagas ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, cos incrementos anuais que para os funcionarios se establezan nas Leis de Presupostos respectivas. Dita retribución será con efectos do día 18/06/2023.

Recoñecer a compatibilidade das actividades económicas desenvoltas polo





## Concello de Lourenzá

primeiro tenente de alcalde, traballador autónomo no sector do comercio ao por menor de mobles, coa dedicación parcial, ao abeiro do disposto no artigo 75.2 da Lei Bases Réxime Local, en relación co artigo 5 da Lei de Incompatibilidades, e en tanto non existe relación directa de tales actividades coas desenvoltas nos departamentos dos que se fará cargo no Concello de Lourenzá.”

Debe dicir:

“Primeiro.- Que o exercicio do cargo da Alcaldía se preste en réxime de dedicación exclusiva, cunha retribución que ascenderá a Tres mil douscentos vinte e oito euros con dous céntimos (3.228,02-) euros mes, distribuídos en doce pagas ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro que serán de igual importe que as ordinarias, cos incrementos anuais que para os funcionarios se establezan nas Leis de Presupostos respectivas. Dita retribución será con efectos do día 18/06/2023.

Segundo.- . Que o exercicio de Primeira Tenencia de Alcaldía, que será desempeñado por D. Javier Huertas Otero, se preste en réxime de dedicación parcial, ó 50% da xornada, en réxime de vinte horas semanais, cunha retribución que ascendera a Mil seiscientos catorce euros cun céntimo (1.614,01-) euros mes\*\*,\*\* distribuídos en doce pagas ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro que serán de igual importe que as ordinarias, cos incrementos anuais que para os funcionarios se establezan nas Leis de Presupostos respectivas. Dita retribución será con efectos do día 18/06/2023.

Recoñecer a compatibilidade das actividades económicas desenvoltas polo primeiro tenente de alcalde, traballador autónomo no sector do comercio ao por menor de mobles, coa dedicación parcial, ao abeiro do disposto no artigo 75.2 da Lei Bases Réxime Local, en relación co artigo 5 da Lei de Incompatibilidades, e en tanto non existe relación directa de tales actividades coas desenvoltas nos departamentos dos que se fará cargo no Concello de Lourenzá.”

**Segundo.** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

E a miña proposta, non obstante a Corporación acordará o que estime pertinente.”

A Alcadesa dí que, é un erro de redacción onde figura, digamos, a dedicación, o sea, referente á dedicación exclusiva da Alcaldía e dedicación parcial da Tenencia de Alcaldía, simplemente sería correxir onde pon no soldo da Alcaldía







## Concello de Lourenzá

que son 3.228,02 brutos mensuais, se substitúe brutos/mensuais por €/mes e despois se lle engade, dice: distribuídas en 12 pagas ordinarias e 2 extraordinarias dos meses de xuño e dedembro, ahí se lle engade que serán de igual importe que as ordinarias, simplemente, é un erro de redacción e no caso do da Primeira Tenencia de Alcaldía igual, é dicir non se modifica nada, nin importe, nin cuantía ningunha, sólo era a redacción.” Sometida a votación a Proposta da Alcaldía e aprobado por unanimidade de todos os Grupos políticos nos seus propios termos.

### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

#### **DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN E REVOCACIÓN DE COMPETENCIAS DELEGADAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 02/02/2024**

Visto que na Resolución da Alcaldía de data 19 de xullo de 2023 sobre nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias da alcaldía nela, fai referencia as seguintes competencias delegadas:

#### 1. No punto 3.3, letra B)1.:

“1. As contratacións de obras, subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía dos seis millóns de euros (6.000.000,00), incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Exclúese da citada delegación a clasificación das proposicións presentadas e a potestade de efectuar os requirimentos de documentación xustificativa ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa ao que fai referencia 150 da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de contratos do Sector Público o 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014.

Exclúese a tramitación e resolución de adxudicación dos contratos e concesións de toda clase inferiores a 6.000,00 euros.”





## Concello de Lourenzá

---

2. No punto 3.3, letra D)a) 3.:

“3.- O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Presuposto aprobado e segundo o disposto nas Bases de Execución sempre que non sexan competencia do Pleno e autorizar, dispoñer gastos e aprobar facturas a partir de TRES MIL (3.000,00) euros, IVE incluído, dentro dos límites que competen ó Alcalde, salvo nos casos que se indican a continuación cuxo pago será acordado e ordenado pola Alcaldía, calquera que sexa a súa contía, de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Local, a saber:

- Haberes e retribucións nominativas do persoal municipal de toda clase de conformidade cos acordos corporativos incluíndo asistencias , gastos de locomoción e axudas de custo dos cargos electos.
- Os gastos derivados das cotizacións á Seguridade Social, I.R.P.F. e I.V.E.
- Os servizos telefónicos, enerxía eléctrica e similares, que se liquidan segundo ás tarifas oficialmente aprobadas.
- Intereses e amortizacións de préstamos así como contratos de transporte a portes debidos.
- As anualidades ou mensualidades correspondentes ós diferentes contratos de servizos/xestión de servizos públicos/subministrados, publicacións e anuncios.”

3 -No punto 3.3, letra D)b)4.:

“4. O establecemento e modificación dos prezos públicos. (art. 47 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais).”

En base ao anterior e examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido nos artigos 9.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; e 43 a 45, 114 a 118, 120 e 121 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro

Polo anterior, esta Alcaldía, no uso das atribucións que legalmente lle foron conferidas, **RESOLVE:**

**Primeiro.**- Modificar o punto 3.3, letra B), 1. da Resolución da alcaldía de data 19 de xullo de 2023, resultando a delegación de competencias efectuada na Xunta





## Concello de Lourenzá

de Goberno Local, como segue:

“1.- As contratacións de obras, subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía dos seis millóns (6.000.000,00) de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Exclúese da citada delegación a aceptación da proposta feita pola mesa o órgano de contratación, a clasificación das proposicións presentadas e a potestade de efectuar os requirimentos de documentación xustificativa ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa ao que fai referencia 150 da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de contratos do Sector Público o 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014.

Exclúese a tramitación, a resolución de adxudicación e a formalización dos contratos e concesións de toda clase inferiores a TRES MIL (3.000,00) euros IVE excluído.”

**Segundo.**- Modificar o punto 3.3, letra D)a)3. da Resolución da alcaldía de data 19 de xullo de 2023, resultando a delegación de competencias efectuada na Xunta de Goberno Local, como segue:

“ 3.- O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Presuposto aprobado e segundo o disposto nas Bases de Execución sempre que non sexan competencia do Pleno e autorizar, dispoñer gastos e aprobar facturas a partir de TRES MIL (3.000,00) euros, IVE excluído, dentro dos límites que competen ó Alcalde, salvo nos casos que se indican a continuación, calquera que sexa a súa contía, que será competencia da Alcaldía de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Local, a saber:

- Haberes e retribucións nominativas do persoal municipal de toda clase de conformidade cos acordos corporativos incluíndo asistencias , gastos de locomoción e axudas de custo dos cargos electos.

- Os gastos derivados das cotizacións á Seguridade Social, I.R.P.F. e I.V.E.





## Concello de Lourenzá

---

- Os servizos telefónicos, enerxía eléctrica e similares, que se liquidan segundo ás tarifas oficialmente aprobadas.
- Intereses e amortizacións de préstamos así como contratos de transporte a portes debidos.
- As anualidades ou mensualidades correspondentes ós diferentes contratos de servizos/xestión de servizos públicos/subministrados, publicacións e anuncios.”

**Terceiro.-** Revocar a seguinte competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución da alcaldía de data 19 de xullo de 2023 recollida no punto 3.3, letra D)b) 4.:

“4. O establecemento e modificación dos prezos públicos. (art. 47 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais).”

Quedando o resto da Resolución da Alcaldía de data 19 de xullo de 2023 de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local sen alterar e mantendo o seu contido orixinal.

**Cuarto.-** Notificar a presente resolución os membros da Xunta de Goberno Local que se considerará aceptada tacitamente salvo manifestación expresa en contra.

**Quinto.-** Esta resolución surtirá efectos dende o día seguinte o da súa firma, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia así como no taboleiro de anuncios desta entidade.

**Sexto.-** Dar conta da presente resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que celebre.

Mando e asino en Lourenzá, a Alcaldesa, Doña Rocío López García. Pola Secretaría tomase razón para a súa transcripción ó Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo).

### **Documento asinado dixitalmente en data ó marxe.”**

A Alcaldesa aclara que se trata das competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, a modificación por un lado e revocación polo outro, entón hai unha serie de competencias que están delegadas na Xunta de Goberno Local, entre elas as contratacións de obra, subministrados, servizos,.. e eso que veis ahí no punto 1, entón a modificación sería que quedara excluído a tramitación, a





## Concello de Lourenzá

resolución de axudicación de contratos, a concesión de toda clase que sexan inferiores a 6000€, ou sexa, eso era o que poñía antes, que os que foran inferiores a 6000€, os faría directamente a Alcaldía, pois sería correxir eso por os que sexan superiores a 3000€ IVE excluído. E despois correxir, a Xunta de Goberno Local tamén podía autorizar, dispoñer de gastos e aprobar as facturas a partir de 3000€ (IVE incluído) pois serían 3000€ IVE excluído, tamén. E despois no punto 3, que dí que o establecemento e modificación dos prezos públicos estaba delegado tamén na Xunta de Goberno Local, sería revocar eso, e que non estaría agora delegado na Xunta de Goberno Local, serían simplemente esas tres modificacións.

A señora Fanego engade que, neste punto voume abster porque eu creo recordar que en todo o delegable á xunta de Goberno votei que non, e como isto digamos que é unha corrección de algo que eu non apoiei pois, isto é unha dación de conta máis que outra cousa.”.

A Corporación dase por enterada.

### **DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE O 16/06/2023 AO 10/01/2024**

Deuse conta ao Pleno das Resolucións da Alcaldía dende o 16/06/2023 ata o 10/01/2024, das cales a corporación quedou enterada.

### **DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE CORRECCIÓN DO ERRO PUNTO 2º CELEBRACIÓN XUNTAS DE GOBERNO LOCAL**

Vista a Resolución da Alcaldía sobre a corrección do erro punto 2º Celebración Xuntas de Goberno Local, que literalmente se transcribe:

“Visto que se detecta un erro no punto SEGUNDO da Resolución da Alcaldía de data 19 de xullo de 2023 sobre nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias da alcaldía nela, na que se fai referencia o seguinte:

“SEGUNDO.- Esta Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria o segundo e último venres de cada mes, ás 10:00 horas, na Sala da Alcaldía da Casa Consistorial do Concello de Lourenzá. No caso que o día sinalado para sesión ordinaria coincida cun día festivo a mesma se trasladará, co mesmo carácter ordinario, para o primeiro día hábil seguinte. A hora de celebración das sesións de carácter ordinario poderán ser modificadas pola Alcaldía cando medien causas





## Concello de Lourenzá

---

xustificadas. Así mesmo a Xunta de Goberno Local celebrará sesión con carácter extraordinario cando o considere oportuno esta Alcaldía.

Realizará a primeira sesión constitutiva o día vinte e un de xullo do dous mil vinte e tres ás dez horas (21/07/2023), de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

De conformidade co establecido nos artigos 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e 112 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro

Polo anterior, esta Alcaldía, no uso das atribucións que legalmente lle foron conferidas, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Rectificar o erro no punto SEGUNDO da Resolución da Alcaldía de data 19 de xullo de 2023 sobre nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias da alcaldía nela, como segue:

Onde di:

“SEGUNDO.- Esta Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria o segundo e último venres de cada mes, ás 10:00 horas, na Sala da Alcaldía da Casa Consistorial do Concello de Lourenzá. No caso que o día sinalado para sesión ordinaria coincida cun día festivo a mesma se trasladará, co mesmo carácter ordinario, para o primeiro día hábil seguinte. A hora de celebración das sesións de carácter ordinario poderán ser modificadas pola Alcaldía cando medien causas xustificadas. Así mesmo a Xunta de Goberno Local celebrará sesión con carácter extraordinario cando o considere oportuno esta Alcaldía.

Realizará a primeira sesión constitutiva o día vinte e un de xullo do dous mil vinte e tres ás dez horas (21/07/2023), de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Debe dicir:

“SEGUNDO.- Esta Xunta de Goberno Local celebrará a sesión ordinaria o último venres de cada mes, ás 10:00 horas, na Sala da Alcaldía da Casa Consistorial do Concello de Lourenzá. No caso que o día sinalado para sesión ordinaria coincida cun día festivo a mesma se trasladará, co mesmo carácter ordinario, para o





## Concello de Lourenzá

primeiro día hábil seguinte. A hora de celebración das sesións de carácter ordinario poderán ser modificadas pola Alcaldía cando medien causas xustificadas. Así mesmo a Xunta de Goberno Local celebrará sesión con carácter extraordinario cando o considere oportuno esta Alcaldía.

Realizará a primeira sesión constitutiva o día vinte e un de xullo do dous mil vinte e tres ás dez horas (21/07/2023), de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

**Segundo.-** Publicar no Boletín Oficial da Provincia así como no taboleiro de anuncios desta entidade.

**Terceiro.-** Dar conta da presente resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que celebre.

Mando e asino en Lourenzá, a Alcaldesa, Doña Rocío López García. Pola Secretaría tomase razón para a súa transcrición ó Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo).

A Alcaldesa manifesta que, as Xuntas de Goberno Local se celebraban o último venres de cada mes ás 10:00h, celébranse sempre os últimos viernes de mes. D<sup>a</sup> Belén concelleira do BNG, engade que, o que tratamos aquí, o sea, ao aprobar a Acta que dixen que non creo que non recollía o que, co cual xa se puido modificar cando aprobamos esa Acta pero bueno, de como son as Resolucións da Alcaldía tampouco teño nada que decir, é un pouco coma o outro. Continúa a Alcaldesa decindo que, quedan os últimos venres de cada mes ás 10:00 e bueno con carácter extraordinario sempre que se convoquen. Os Señores Concelleiros danse por enterados.

### **DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN TRIMESTRAL DO ORZAMENTO 4º TRIMESTRE PMP 4º E INFORME DE MOROSIDADE ANO 2023**

A Señora Alcaldesa manifesta que estivo a disposición dos Grupos documentación.

O Portavoz do PP, Don Roberto Díaz, dí que, en canto ao que falastes da morosidade teñen de dudoso cobro 270.000,00 e tamén pendentes casi 400.000,00 de cobrar, que son casi meido millón de euros. Non sei si teñen algún plan para intentar recuperaleos, cobralos.





## Concello de Lourenzá

Engade D<sup>a</sup> Sandra Gómez que, ó final medio millón de euros nun concello pois supoñen cartos.

Don Roberto manifesta que, e outra que me queda tamén, unha débeda de sobre 100.000,00 €, non sei, habendo remanente non sei se se salda, ¿por qué non se salda?.

Ao que a Alcaldesa pregunta, ¿De qué é ese crédito?.

Ao que a Secretaria responde, está firmado pola corporación dende hai anos.

D<sup>a</sup> Sandra dí que, tamén, é decir, pedir un crédito.

A Alcaldesa manifesta que, eso xa estaba,eu creo que antes de nós.

Don Roberto engade, a ver, é que habendo remanente eso eu creo que é coma a economía da casa, habendo remanente é unha tontería estar pagando intereses.

D<sup>a</sup> Rocío, a Alcaldesa, reincide en que ese crédito xa estaba de antes, eu non pedín ningún crédito.

D<sup>a</sup> Sandra di que,por qué non se fan efectivos logo.

A Alcaldesa aclara que aínda se está pagando.

Don Roberto engade que, despois hai cousas, tamén cando seña o tema do presuposto pois xa analizaremos a ver, tamén se ve que no Concello teis casi tamén o 67% do presuposto vaise en gastos de personal e mais de, non sei.

A Alcaldesa aclara que, os gastos de persoal e agora coas actualizacións da consolidación e a RPT e todo iso xa era previsible que ía ser así, non é que o digamos nós senón que é así por Lei.

A concelleira do PP, D<sup>a</sup> Sandra dí que, a nós parécenos unha barbaridade porque aínda non queda nin o 40% para o resto.

A secretaria aclara que ahí tamén se computou o gasto do obradoiro.

Os Señores Concelleiros danse por enterados do que segue:

- A execución trimestral do orzamento do 4<sup>o</sup> Trimestre exercicio 2023.
- O informe anual de morosidade do exercicio 2023.
- O PMP do 4<sup>o</sup> Trimestre do exercicio 2023 de 59,77 días.

**Outras Peticións: MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR: PROPOSTA RÚA  
ÁNGEL HERMIDA SEIVANE**

**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA DEDICAR  
UNHA RÚA A ÁNGEL HERMIDA SEIVANE**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS







## Concello de Lourenzá

---

Recentemente falecía o coñecido empresario laurentino D. Ángel Hermida Seivane, unha figura que alcanza un recoñecemento xeral, que se pode contemplar desde unha perspectiva temporal suficiente para que as valoracións non estean contaminadas por ningún interese específico, pero si pola súa importancia no ámbito empresarial para a transformación e repercusión económica deste Concello. Personifica o exemplo de empresario que con esforzo e bo facer fixo deste Concello un lugar destacado na provincia de Lugo.

D. Ángel Hermida Seivane é unha importante figura para Lourenzá: empresario creador da Fábrica de “Muebles Hermida”, fundador da Confederación de Empresarios de Lugo, Medalla de ouro da CEL, Consejero Empresa Prouba SL.

A dedicatoria de rúas a personalidades relevantes, ten por obxecto facer visible o recoñecemento social a aquelas persoas cuxa traxectoria merece permanecer no recordo dos laurentinos.

O Grupo Municipal do Partido Popular considera que D. Ángel Hermida Seivane é merecente deste tributo por razóns obvias, ser fillo predilecto de este Concello (por nomeamento unánime dos grupos políticos que formaban a corporación do ano 2008) do mesmo xeito que Fernández del Riego que xa ten unha rúa dedicada o seu nome, e pola súa importante traxectoria empresarial, que converteu a Lourenzá nun Concello economicamente próspero.

O seu gran labor empresarial e a súa vinculación persoal co seu pobo xustifican sobradamente que o seu nome figure no nomenclátor.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Loreunzá propón ao Pleno da Corporación Municipal do Concello de Loreunzá a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. O Concello de Lourenzá dedicará unha rúa a Ángel Hermida Seivane.
2. O Concello de Lourenzá levará a cabo no menor tempo posible as xestións oportunas para determinar a rúa que levará o nome de Ángel Hermida Seivane estudando a posibilidade de que sexa a rúa onde está ubicada a antiga fábrica de “Muebles Hermida”, coñecida na actualidade como Carretera de Masma.

Lourenzá, 5 de marzo de 2024. Asdo. Roberto Díaz Expósito, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá.

A voceira do BNG dí: “-Tiven unha reunión co grupo municipal do PSOE e vai ser a Sra. Alcadesa, D<sup>a</sup> Rocío López García, a que defende a postura que imos tomar.





## Concello de Lourenzá

---

Pola Alcaldía dise o seguinte, en relación con este punto, con esta moción, decir que é unha postura, como díxo D<sup>a</sup> Belén, Cocelleira do BNG, unha postura conxunta de ámbolos dous grupos, que é certo a traxectoria que tivo Ángel Hermida, a importancia que tivo no tecido empresarial e a contribución á economía deste Concello, unha persoa querida e cercana que foi e seguirá sendo sempre neste Municipio e ben é certo que no seu día no ano 2008 esa labor lle foi recoñecida polo nomeamento por unanimidade de Fillo Predilecto deste Ayuntamiento, condición que seguirá ostentando sempre e que todos respetamos. A pesares de todo isto, creo que non nos corresponde a nós asignar rúas nen asignar títulos a ningún veciño xa que sería crear diferencias e todos os emprendedores dende o máis pequeno ata o máis grande, todos, na nosa opinión, serían merecedores dunha rúa ou dun recoñecemento que premiase o seu suor e o seu traballo. Tampouco nos parece quizáis o máis axeitado someter aos veciños a un cambio de nome da rúa con todo o trastorno, que todos sabemos, que iso supón. Polo tanto, consideramos que non sería acertado pola nosa parte apoiar esta moción que tamén vemos que quizáis con un contido con un fondo político e a nosa función é velar pola tranquilidade dos veciños e causarlle sempre pois menos trastornos e as menos dificultades posibles e esta é a nosa postura.

Engade a concelleira do PP, D<sup>a</sup> Sandra Gómez que, bueno respecto á rúa tampouco ten que ser especialmente a que puñemos, puñemos esa porque nos parecía que era donde están as fábricas e donde vivía él, pero tamén aceptaríamos calquer outra rúa que vosoutros vírais.. E dicir que teña esto un sentido político.

Dí D<sup>a</sup> Remedios Gallo, concelleira do PP, qué sentido político ten esto porque non o entendo.

Engade D<sup>a</sup> Sandra que, exactamente, cando é unha persoa tan merecido.

A Alcadesa aclara que, se refire a que si se quixera que fora unha cousa plantexada entre todos os grupos ó mellor quizáis, debera de haber, incluso antes un acercamento pero xa discutindo e deixando eso aparte, sen entrar a discutir que é o que menos nos interesa agora ou polo menos, pola nosa parte non queremos que salla desto ningún debate político que poida afectar nin á familia nin a veciños.

A Sra. Gómez interrompe e di que, non ten que haber ningunha discusión ou vota sí ou se vota non, non hai máis.





## Concello de Lourenzá

A Alcaldesa continúa e di, á marxe diso, tendo en conta o que acabas de dicir tí, que ser votaría tal ou talo, non entraríamos a discutir esa cuestión, eu creo que o dixen e creo que é un pouco a nosa intención que, bueno.. que non nos corresponde nin creo que debemos nós colocar títulos a ningún veciño, é dicir, non facer diferencias entre naide, creo que todos serían merecedores por igual.

Engade, D<sup>a</sup> Remedios, concelleira do PP, xa, vale, vós non estábades no Goberno cando se cambiou a Rúa Fernández del Riego, creo que non, non? Creo que as rúas se acordan e se cambian en Plenos deste tipo, non? Por exemplo, neste Concello hai rúas, como a de Luis Iglesias, alguén sabe qué fixo ese home por Lourenzá?. Pregunto”.

D<sup>a</sup> Rocío, Alcaldesa de Lourenzá, responde que, ela non entro a discutir o que fixeron ou non fixeron, para mín é igual válido todo o mundo e digno do traballo que fai.

Engaden D<sup>a</sup> Sandra e D<sup>a</sup> Remedios, concelleiras do PP que, estades dicindo que vosoutros dende o Concello, non se pode facer o cambio de calle, sí que se pode, unha cousa é querer e outra é poder.

D<sup>a</sup> Rocío responde que, non digo que se poida facer, digo que considero que non o debemos facer porque creo que se debe gobernar por igual para todo o mundo sin facer diferencias a naide, e igual merecedor é unha persoa desde o empresario máis pequeno ata o empresario máis grande ou quen dice eso, calquer persoa que co seu traballo e co seu esforzo fai algo.

Engade D<sup>a</sup> Remedios manifesta que, a cuestión se plantexa por ser Fillo Predilecto eh, nada máis, non ten ningunha outra razón nin ningún sentido.

Sometido a votación non foi aprobada, polos 8 votos en contra, da Concelleira do BNG e os 7 Concelleiros do PSOE e os 3 Concelleiros do Partido Popular votan a favor.

### C) ROGOS E PREGUNTAS

#### **Rogo: Rogo BNG-FILTRACIÓN ESTRADA LUP2801 - CAPELA SAN SEBASTIÁN**

M.<sup>a</sup> Belén Fanego Barreira concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Lourenzá, presenta ao Pleno Municipal o seguinte ROGO:

A estrada pública que enlaza o núcleo de Vilar na parroquia de Santo Adrao e a





## Concello de Lourenzá

capela do San Sebastián na beira da estrada LU P-2801, carece de cunetas en moito do seu trazado, e os tramos nos que haim, están tapadas de terra e maleza polo que a auga escorre as máis das veces incluso en momentos en que non chove pola propia estrada polo que debe de haber algún tipo de filtración.

Esta auga vai parar ao campo que rodea a capela e isto supón un problema para a súa supervivencia que fai que esta edificación se resinta polas humidades que padece ese terro pois xa noutra ocasión foi cambiada de localización por un problema similar.

Rogamos que fagan algún estudo para ver si se pode eliminar esa filtración na estrada ou si é posible facer algunha obra de contención para evitar que auga chegue a capela e siga manténdose en pé, xa que é un lugar bastante querido pola maioría da veciñanza, e ademais de evitamos o deterioro anticipado de dita estrada. Lourenzá, a 19 de marzo de 2024.

D<sup>a</sup> Belén Fanego, lee o rogo anterior e dí: “-Supoño que sería a propia Iglesia Católica a que tería que facer esa petición pero é unha petición que che fan chegar os veciños porque é un problema que existe xa desde fai tempo. O que sí se pode revisar é a estrada: unha polo seu propio deterioro. É certo que a auga incluso cando non chove, o cal pode ser outro problema..” A alcaldesa engade que alí sempre houbo problemas de anagamento. A Sra. Fanego continúa: “-Falaron incluso de facer como unha especie de soleira ou de acera ó redor da capela que eso non sería un tema propio para resolver nós pero que ademais tampouco solucionaría o problema porque a auga segueríase filtrando, que se trata de facer un estudio, que alguén o estudie e que mire a ver si se pode facer algo, a auga ó final como dicen, busca o seu e eso é unha zona de auga.”

A Alcaldesa dí que, sií, ademais por alí.. bueno polos dous lados, incluso pola calzada baixaba, acórdome eu cando había aquel camiño que baixaba a auga que parecía un río.

D<sup>a</sup> Belén continúa, polo que supón, sentimentalmente, naquela zona, tú sábelo (dirixíndose á sra. Alcadesa), téñenlle moito afecto á capela ésta.

**Rogo: Rogo BNG:REPARACIÓN LASTRAS SOLTAS RÚA AVELINO  
MONTERO VILLEGAS**

M.<sup>a</sup> Belén Fanego Barreira concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Lourenzá, presenta ao Pleno Municipal o seguinte ROGO:





## Concello de Lourenzá

Os veciños da rúa Montero Villegas están preocupados pola presenza de lastra soltas na súa franxa central xa que o cemento do rexuntado que as une vaise gastando e desaparece.

Rogámoslle que proceda ao seu arranxo. Lourenzá, a 15 de marzo de 2024.

D<sup>a</sup> Belén lee o rogo e a Alcaldesa dí que toma nota diso.

### **Pregunta: Pregunta BNG: RECADACIÓN POSTOS FESTA DA FABA**

M.<sup>a</sup> Belén Fanego Barreira concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Lourenzá, presenta ao Pleno Municipal a seguinte PREGUNTA:

¿A cómo ascende o recadado pola instalación dos postos que se montaron na Festa da Faba (Bares, atraccións, postos diversos de vendas)? Lourenzá, a 20 de marzo de 2024.

A sra. Fanego dí: “-Que a unhos postos se lles cobrou pola instalación e a outros non”.

Don Manuel Arango, concelleiro do PSOE engade: “-O único que eso, espera, e penso, non o sei...” Interrumpe a Alcaldesa. “-Porque algunhos tiñan, digamos contraprestación”. Segue o Sr. Arango: “-E nalgún caso que sea posto de artesanía con demostración por exemplo, creo que non se cobran, creo que aos locais, os que son da localidade, non sei esto tamén como está, había que preguntarlle a M.<sup>a</sup> José exactamente a ver como está eso”.

A Alcaldesa dirixíndose á Sra. Fanego: “-¿Refíreste a eso en concreto?”

D<sup>a</sup> Belén responde: “-Non sei os bares que se instalaron, chegaronme comentarios de que algunhos posto, pero claro algún igual se refería á artesanía, que unhos pagaran e outros non, imaxino que hai unha taxa establecida.

D. Manuel Arango engade: “-Hai unha taxa establecida pero hai dous casos, dende sempre, que é un dos bares-restaurantes que paga a carpa e o outro que paga o tren, entón pagan bastante máis do que sería a taxa establecida.

O Sr. Arango fala de facer un convenio para eso para próximas edicións.

A concelleira do BNG, D<sup>a</sup> Belén dí. “-Cos expositores non me refiro aos stands da faba, refírome aos postos ou atraccións para os nenos, etc. A contía ascendía a 1781,75.-€”

Don Manuel Arango aclara que os postos pagan previamente polo Banco.





## Concello de Lourenzá

Neste punto a Sra. Belén presenta unha pregunta fóra para o seguinte Pleno: “¿Cantas empresas se presentaron para a adxudicación do SAF?”

### **ROGO: ROGO PP: LOCAL ELECTORAL MULTIUSOS PONTE DE CUÑAS**

D. Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá o seguinte ROGO

O salón de actos da Casa do Concello de Lourenzá ten pouca capacidade e mala accesibilidade, pero agora conta co espazo multiusos Ponte de Cuñas.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá insta ao goberno local a solicitar como local electoral o multiusos Ponte de Cuñas ante xunta electoral correspondente en vindeiros comicios electorais.

O que se traslada aos efectos oportunos en Lourenzá, a 19 de marzo de 2024.

A Alcaldesa dí que toma nota pero que o ve difícil porque de feito, engade: “- Unha das nosas ideas é que o multiusos sexa un local que esteña ahí para uso e disfrute dos veciños para poder facer todo tipo de actividades e condicionalo, quizáis, a local local electoral, dificulta a que si nese período se queren desenrolar alí cousas pois é difícil. Incluso, imaxínade que coincida con algunha actividade que se organiza dende o Concello, non sei, pode coincidir perfectamente no mes de novembro que temos o teatro e xa non se podería.”

Interrompe D<sup>a</sup> Sandra Gómez: “-Eso pódese estudar e en caso de que coincidira pois pódese chegar a un acordo, bueno, ou hai actividades que tamén se poderían cambiar tamén a nivel de Concello.” Don Manuel Arango respóndelle: “-Tú imaxínate, porque ademáis, as citas electorais poden ser o día de Carnaval como o día de... e coinciden en novembro como coinciden moitas veces e fastídiannos o Certame de Teatro e non vas facelo noutro lado, non vas facelo aquí (referíndose ao Salón de Actos)”

“Tamén se podería cambiar de fecha”- Engadiu D<sup>a</sup> Sandra. Don Manuel Arango continúa decindo. “ -Eu creo que a capacidade que hai aquí para os mítinies hai abonda” Pero a Sra. Gómez dí que no local do Salón de Actos hai problemas de accesibilidade bastante considerable porque coas escaleiras que hai e a xente.. Don Roberto dí: “Nós este ano puidemos traer un acto grande a nivel provincial e tivemos que facelo noutro lado e non veu para Lourenzá.”

Don Manuel Arango respóndelles. “-Sempre está a Plaza”, ó que lle responde o





## Concello de Lourenzá

Sr. Roberto, concelleiro do PP, que a Plaza tamén pode estar para o teatro se non chove.

### **ROGO: ROGO PP: DEFICIENCIAS LOCAIS MUNICIPAIS SANTO TOMÉ E SAN ADRIANO**

Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá o seguinte ROGO

Hai instalacións deportivas municipais que están pechadas que así é moi difícil porder usalas e tamén hai outras que precisan pequenas melloras que demandan os usuarios.

O pavillón de Santo Tomé está pechado e non hai persoal municipal encargado da súa apertura polo que os rapaces e rapazas non poden acceder ao interior, por exemplo, un día que chova.

E na pista de San Adriano, conviría a colocación dunhas redes detrás das porterías (para non romper nada cos balóns), poñer algún punto de luz sobre todo de cara ao inverno e algunha canasta.

Á vista do anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao goberno local a estudar a forma de garantir a apertura do pavillón de San Adriano xa sexa mediante un sistema similar ao do ximnasio (por pegada)ou calquera outro que resulte sinxelo e cómodo para os usuarios e a estudar a mellora da posta de San Adriano.

O que se lle traslada aos efectos oportunos en Lourenzá, a 19 de marzo de 2024.

A Alcaldesa dí que toma nota e engade: “-O que sí é certo que o pavillón de Santo Tomé, o de que está pechado e non hai persoal para a súa apertura,..sempre que se solicita... “ Interrompe o Sr. Roberto: “-Igual se expresa mal o que necesitan é poder conseguir a chave máis fácil” ó que responde a Alcaldesa que ten ido ata ir abrir ella porque xente que a chama que vai ir dentro de unha hora e acercarse ella abrírlles. Ela engade. “-É dicir, que se lles dan todas as facilidades, e non só no pavillón de Santo Tomé senón tamén no de aquí, de feito os da Escola de Música pediron para ensaiar unhas marchas para a Semana Santa e tiveron utilizando o de Santo Tomé, ximnasia tamén a estades tendo alí ás veces, é dicir, que está ahí para uso e disfrute de quen o queira, evidentemente, temos que facelo dunha maneira controlada.





## Concello de Lourenzá

Os concelleiros do PP asisten pero engaden que os nenos un sábado ou domingo queren ir a xogar e non poden.

A Alcaldesa aclara: “-Despois quedan as luces encendidas e ten que haber un control”.

O Sr. Roberto dí: “-E no tema de facer algo ou parecido ao do ximnasio, por huella? Así tamén controlas quen.. o que pon a huella e o que vai é o responsable, non?”

“-Non” responde a Alcaldesa: “-De feito, aínda estou contemplando o que é as autorizacións que serían no Concello e por escrito e todo legal porque despois... Pero digo que o teñen ahí para uso e disfrute de quen o queira. Con respecto á pista de San Adriano é certo que algúns rapaces nos pediron unha rede pero estamos mirando de facer un pavillón en consonancia coa A.A.V.V. tamén, é dicir, para que se poida ter un pavillón como hai noutras parroquias para facer actividades.

É certo que sacamos tres veces do río as canastas e a rede para que non pasen os balóns ao tellado tamén pero é que no tellado non só hai balóns, hai pedras grandes, que esas pedras non volan para alí soas. Entón todo iso é o que hai que intentar evitar”.

### **PREGUNTA: PREGUNTA PP: MELLORA CONDICIÓNS MÁQUINAS XIMNASIO**

Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá o seguinte PREGUNTA

Usuarios do ximnasio municipal trasládannos que as máquinas do ximnasio municipal non se aropan en óptimas condicións de uso.

Á vista do anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá pregunta:

Quen e que tipo de mantemento se realiza das máquinas do ximnasio municipal e con que periodicidade se limpan e acondicionan estas instalacións?

O que se lle traslada aos efectos oportunos en Lourenzá a 19 de Marzo de 2024.

A Alcaldesa responde: “-As instalacións se limpian todos os días, sí é verdade que todos os días se limpan o que é as zonas dos baños, se retira a basura e todo iso e despois creo que son dous días á semana, concretamente se fai a limpeza da







## Concello de Lourenzá

pista e a limpeza das máquinas. Despois con respecto ao mantemento das máquinas do ximnasio o facemos con persoal municipal sempre e cando se detecta ou sempre e cando nos pasan aviso de que hai algunha cousa que funciona mal, e no caso de máquinas que xa polo seu mal estado xa non se poden arranxar, pois sí se vai intentando substituír por outras máquinas novas, de feito, recentemente o anunciásteis que a Xunta de Galicia nos financiou con 8.000.-€ para renovar parte das máquinas do ximnasio. Non sei si sabedes concretamente que máquinas foron pero a práctica habitual é esa, na medida que vamos podendo cambiar máquinas por máis novas, vaise facendo. E despois hai outras que teñen así pequenas cousas que se van arranxando. Non sei agora, si vós tedes coñecemento de algunha en concreto que esteña funcionando mal, facédeno saber e tamén nós intentaremos solucionalo.”

A concelleira do PP, D<sup>a</sup> Sandra, dí que foi unha queixa xeral pero máis da limpeza, que deixaba bastante que desear.

A Alcaldesa defende que pasara facía uns meses e que estaba en condicións pero que tomaba nota.

### **PREGUNTA: PREGUNTA PP: PROGRAMA REFORZO DE EMPREGO**

Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá o seguinte PREGUNTA

O punto noveno da acta Xunta de Goberno do 7 de febreiro do 2024 recolle a aprobación do financiamento do programa de Reforzo do Emprego cun importe de 91.897,16.-€

Á vista do anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular formula a seguinte pregunta:

En que consiste exactamente ese programa?

O que se lle traslada aos efectos oportunos en Lourenzá, a 19 de marzo de 2024.

A Alcaldesa responde: “-Bueno é o Depuemprego do Plan de Deputación e son 91897.-€, dos cales 90197.-€ é a aportación da Deputación e 1699.-€ a aportación do Concello, ahí é donde vai recollido os postos estes, digamos que se meten sempre todos os anos e para reforzo, un pouco, o que serían as tarefas que se fan habitualmente no Concello que vai sempre: albañil, carpinteiro, electricidade, tractorista, peón de limpeza e técnico de turismo”.





## Concello de Lourenzá

### **PREGUNTA: PREGUNTA PP: REPOSICIÓN LUMINARIAS DO ALUMEADO PÚBLICO**

Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá o seguinte PREGUNTA

Numerosos veciños das distintas parroquias estannos a preguntar que pasa coas farolas neste Concello; posto que unhas están tiradas (por exemplo a que está tirada na subida da Tilleira), outras sacadas (a que había diante do taller dos relojeros), outras arrincadas (coma a que hai na Pena á altua da fábrica de Sáez, onde o cono xa está descolorido), tec.

Á vista do anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá pregunta:

Que pensar facer o equipo de goberno para repoñer as luminarias do alumado público que non funcionan?

O que se lle traslada aos efectos oportunos en Lourenzá, a 19 de marzo de 2024.

A alcaldesa responde. “-Bueno estes días pasados estivemos repoñendo na ruta do colesterol, sí é verdá que esas que dís están, xa levan tempo así...” Interrompe D<sup>a</sup> Sandra: “-Levan, levan, dou fé”. Continúa a Alcaldesa decindo. “-Intentaremos solucionalo, xa me gustaría telo solucionado pero non o solucionamos, hai máis agora, incluso na ruta do colesterol cando foi o temporal..” Engade a Sra. Gómez: “-Sí” Continúa a sra. Alcaldesa: “Rompéronse creo que outras dúas polo menos ou tres e esperamos facelo o antes posible pero que sí”.

### **PREGUNTA: PREGUNTA PP: REPARACIÓN DE BEIRARRÚAS**

Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá o seguinte PREGUNTA

Algúns veciños quéixanse do estado das aceras porque existen numerosas baldosas levantadas ou soltas que supoñen un risco para os peóns. De feito, algún veciño xa rompeu algún oso por tropezar en ditas baldosas.

Á vista do anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá formula a seguinte pregunta:





## Concello de Lourenzá

---

Canto ten pensado o goberno local reparar o estado das aceras?

O que se lle traslada aos efectos oportunos en Lourenzá, a 19 de marzo de 2024.

Acalara a concelleira do PP, D<sup>a</sup> Sandra, “-Estámonos referindo ás parroquias tamén.

A Alcaldesa responde: “-Conforme a isto, unha das persoas que tivemos ou reforzo de emprego que foi un albañil que estivo por Depuemprego que rematou agora, pois estivo parte do tempo adicado ao arranxo de beirarrúas e arregláronse en varios sitios: Carretera de Masma, San Xorxe diante da Fiat, diante do Gadis, en Santo Tomé, enfrente da Iglesia de San Adriano, desde a Casa de Tarulo á Casa de Pintor, diante da Casa de Paco, Carlos Peregrín Otro, en varios sitios... Sí é certo que, nós vamos arranxando a medida que vamos detectando as que están en mal estado.

D<sup>a</sup> Sandra engade: “Algunhos xa teñen herba”. O señor Roberto dí. “- En Santo Tomé hainas arriba da ferretería, por alí hai bastantes”. “Arriba da Casa de José M.ª?” -engade Rocío. Os concelleiros do PP alegan: “Sí, aos dous lados”. Segue o Sr. Díaz: “Home, non revisamos a acera enteira pero pola recta abaixo hai algunha máis.. non sei agora.. pero bueno, é verdá que esas levan moito tempo.”

O Sr. Arango engade: “-Non sei quen tuvo a idea de plantar árbores na beirarrúa porque as raíces levantan as aceras”.

Sendo a hora sinalada mais arriba,a señora Alcaldesa manifesta que, non habendo mais asuntos a tratar, levanta a sesión.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

